



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN DA PRAZA DE EDUCADOR SOCIAL/ FAMILIAR EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE TOQUES.

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

Para dar cumprimento á resolución da Alcaldía 131/2023 de data 4 de maio de 2023, e sendo ás 9:30 horas do xoves día 18 de maio de 2023, reúnense no Salón de Plenos do Concello de Toques, ao obxecto de constituírse o Tribunal calificador que a continuación se relaciona, nomeado para levar a cabo o proceso de selección da praza de Educador Social/ Familiar en réxime de persoal laboral fixo do Concello de Toques.

PRESIDENTE.-

Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario- Interventor do Concello de Mesía.

VOGAIS.-

Don Jorge Boado Fernández, Secretario Interventor do Concello de Boimorto.

Dona Guadalupe Vázquez Ascariz, Traballadora Social do Concello de Toques.

Dona María Teresa Alcalde Valle, Traballadora Social do Concello de Santiso.

SECRETARIO.-

Don Iván Ponte Mahía, Secretario-Interventor do Concello de Toques.

Unha vez incorporados á reunión os/as membros do Tribunal, asinan unha declaración xurada que se incorpora á presente acta na que manifestan:

- a) que non superan os límites establecidos no Real decreto 462/2002 para a percepción de asistencias de membros de Tribunais de Selección ou Comisións de Valoración;
- b) que cumpren as condicións que, para o exercicio da devandita función, se establecen no artigo 60 do Real decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e naquelas outras disposicións reguladoras da participación nos órganos de selección para o acceso á función pública;



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

- c) que non se consideran en ningunha das circunstancias que se sinalan no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público para absterse de intervir no proceso selectivo e que cumpren co establecido no art. 13.2 do Real decreto 364/95, de 10 marzo polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e da provisión do postos de traballo e formación profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, no relativo á prohibición de participar en órganos de selección a aqueles funcionarios que realizaran tarefas de preparación aos aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

O primeiro que fai o Tribunal e revisar a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas no proceso selectivo, ao obxecto de determinar se se dá algunha das causas de abstención establecidas no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Ningún/a membro do Tribunal manifesta que exista causa de abstención polo que se da por constituído o mesmo.

De seguido o Tribunal pasa a revisar as bases que rexerán o procedemento de selección ao obxecto de preparar ó proceso selectivo, dando lectura á base 6 das bases específicas que literalmente sinala:

“Sexta.- Sistema de selección. Valoración de méritos.

O proceso de selección realizaráse polo sistema de concurso, que consistirá na valoración de méritos.

A puntuación máxima do concurso será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Experiencia profesional e antigüidade na administración, máximo 60 puntos.

2.- Formación e capacitación profesionais (cursos relacionados coas funcións e co traballo da praza en cuestión): máximo 40 puntos.

6.1. Experiencia profesional e antigüidade na administración (máximo 60 puntos): Nesta fase do concurso, a puntuación será o resultado da valoración ponderada dos seguintes méritos:



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

A) *Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados.*

B) *Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,05 puntos por cada mes completo de servizos prestados.*

C) *Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados.*

D) *Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,01 puntos por cada mes completo de servizos prestados.*

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente expedida pola Secretaría, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto, e a data de inicio e finalización da vinculación.

6.2.- Formación e capacitación profesionais (cursos relacionados coas funcións e co traballo da praza en cuestión e máximo 40 puntos). Nesta fase do concurso, a puntuación será o resultado da valoración ponderada dos seguintes méritos:

A) *Grado, Licenciatura ou Diplomatura (sen contar a establecida como requisito): **10 puntos.***

B) *Cursos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido esté directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos coa igualdade, a protección de datos, a atención ó cidadán, a protección do medio*



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ambiente desde o ámbito laboral e os de ofimática, entre outros. A valoración será a seguinte: 0,20 puntos por hora.

O número de horas mínimas requiridas para que un curso sexa puntuable será de 10 horas, é dicir, os cursos de menos de 10 horas non terán puntuación.

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

Despois das oportunas deliberacións, o Tribunal acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Realizar a valoración dos méritos profesionais e académicos alegados polos aspirantes admitidos no presente proceso de selección atendendo exclusivamente ás normas e ós criterios de valoración establecidos de maneira literal e expresa na devandita Base 6 das bases específicas que foron debidamente aprobadas por Resolución de Alcaldía número 331/2022 de data 22 de decembro e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 245 de data 28 de decembro de 2022.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a reunión sendo as 9 horas e 40 minutos do xoves día 18 de maio de 2023, de todo o cal eu, secretario, certifico.

PRESIDENTE

SECRETARIO.

Firmado por BENDAÑA PARDO ELADIO
- ***5915** el día 18/05/2023
con un certificado emitido por
AC FNMT Usuarios

BOADO
FERNANDEZ JORGE
- 44811721Q

Firmado digitalmente por
BOADO FERNANDEZ
JORGE - 44811721Q
Fecha: 2023.05.18
10:56:33 +02'00'

VOGAIS.

VAZQUEZ
ASCARIZ
GUADALUPE
- 44805089P

Firmado digitalmente
por VAZQUEZ ASCARIZ
GUADALUPE -
44805089P
Fecha: 2023.05.18
10:14:25 +02'00'

Firmado por ALCALDE
VALLE MARIA TERESA -
***4128** el día 18/05/2023
con un certificado emitido por